

# REGATA

## REDE GALEGA DE TECNOLOXÍAS AMBIENTAIS

### AXUDAS DA REDE REGATA PARA ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN 2018

#### Solicitantes

Xoves investigadores integrantes da rede REGATA

#### Duración

As estadías terán unha duración de entre 2 e 3 meses tendo lugar no período comprendido entre o 30 de marzo e o 15 de outubro do 2018.

#### Destino

Os centros para os que se solicite a estadía deberán ser universidades ou centros de investigación de prestixio, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente no estranxeiro.

#### Requisitos do solicitante

- Investigador dun grupo de investigación pertencente á rede REGATA
- Ter vinculación contractual co grupo de investigación o que pertenza durante o período da estadía.

#### Presentación da solicitude

Os solicitantes deberán remitir toda a documentación requirida a dirección de correo electrónico: [iria.lema@usc.es](mailto:iria.lema@usc.es) no seguinte prazo: Do 1 / 03 / 2018 ata as 14 horas do 20 / 03 / 2018

#### Proceso de selección

As solicitudes admitidas serán avaliadas por unha comisión formada por membros da Rede REGATA conforme ós criterios de avaliación. A resolución comunicarase vía email a tódolos solicitantes, e farase pública na web da rede ([www.regata.gal](http://www.regata.gal)) sección "Estancias".

#### Documentación requirida

- ANEXO I. Formulario de solicitude
- Currículum vitae do solicitante
- ANEXO II. Documento Excel onde se incluírán tamén os datos do CV
- Informe do director do grupo no que se acredite a vinculación do investigador solicitante á Rede REGATA
- Documento expedido polo investigador do centro receptor onde se acredite a admisión e a súa conformidade da estadía do solicitante nese centro.
- Currículum vitae do Investigador responsable do centro receptor
- Memoria do proxecto a realizar no que se indiquen os beneficios que a estadía pode aportar ó solicitante e ó centro de orixe (Máximo 2 follas).
- Presupuesto estimado, razoando os gastos que se orixinaran durante a estadía.

# REGATA

REDE GALEGA DE TECNOLOXÍAS AMBIENTAIS

## **Contía y procedemento de pago**

A contía total da axuda será dun máximo de 2.000 €. Abonarase nun prazo aproximado dun mes dende a recepción do informe do traballo realizado durante a estadía.

## **Obrigas dos beneficiarios**

Unha vez concedida a axuda, o beneficiario deberá presentar a carta de aceptación mediante a cal consinte expresamente tanto a aceptación da mesma como a renuncia e devolución da contía no caso de incumprir coas obrigas e condicións que lle corresponden como receptor desta axuda.

Para ter dereito á percepción, será obriga do beneficiario xustificar documentalmente o gasto (facturas, axudas de custo, etc) e presentar ó seu regreso o informe de estadía.

Ademais deberá agradecer o financiamento recibido en tódolos traballos ou publicacións resultantes da estadía, citando: *"The author belongs to REGATA (ED341D R2016/033), network funded by the Galician Government"*

En Santiago de Compostela a 1 de Marzo do 2018

Comité de selección das axudas REGATA